

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 25 de maio de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"4.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DO MERCADO DO CONCELLO DE CARBALLO. APROBACIÓN INICIAL (CIRIAX DE 19/05/2026)"

O Presidente da sesión deu conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime interior e Asuntos Xerais de data 19/05/2026, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do concelleiro delegado da Área de Contratación, Feiras, Mercados e Participación Veciñal, do día 13/05/2026, contida no expediente 2026/G013/000001, cuxa parte expositiva se transcribe:

ANTECEDENTES:

O Concello de Carballo, en sesión ordinaria do día 25/04/2022 aprobou inicialmente a modificación do Regulamento do Mercado do concello de Carballo. Este texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 117, do 21 de xuño de 2022.

Proponse a modificación do Regulamento do Mercado Municipal en aras de reforzar o interese comercial do mercado, mellorar a calidade do servizo ofrecido á cidadanía e dotar á xestión do mesmo de maior flexibilidade e capacidade de adaptación ás dinámicas actuais do comercio polo miúdo.

En primeiro lugar, regulase máis polo miúdo o réxime de autorizacións provisionais; este réxime responde á necesidade de optimizar o uso dos espazos dispoñibles dentro do mercado. En contextos onde existen postos vacantes ou infrautilizados, o outorgamento de autorizacións temporais permite dinamizar a actividade comercial, evitar a degradación de espazos desocupados e favorecer a rotación e entrada de novos operadores económicos. Esta medida contribúe a incrementar a oferta comercial, fomentar a competencia e ofrecer aos consumidores unha maior variedade de produtos e servizos, reforzando así o atractivo do mercado como espazo de referencia para o abastecemento de proximidade.

Así mesmo, estas autorizacións provisionais poden actuar como instrumento de impulso ao emprendemento local, permitindo a pequenos comerciantes e novos proxectos probar a súa viabilidade nunha contorna controlada, con menor risco inicial, o que redunda nun tecido comercial máis activo e diversificado.

En segundo lugar, a previsión regulamentaria do traslado de postos dentro do propio mercado configúrase como unha ferramenta esencial para mellorar a organización interna e a eficiencia do espazo comercial. A posibilidade de recolocar postos permite adaptar a distribución do mercado a criterios funcionais, comerciais ou de seguridade, favorecendo unha mellor circulación de clientes, unha agrupación lóxica de actividades e unha maior visibilidade dos operadores. Esta medida tamén facilita a xestión de situacións sobrevindas, tales como obras de mantemento, necesidades de reorganización sectorial ou adaptación a novas demandas de consumo, garantindo en todo momento a continuidade do servizo e minimizando as molestias tanto aos comerciantes como aos usuarios.

Desde a perspectiva do interese público, ambas as medidas contribúen á revitalización do mercado municipal, fortalecendo a súa competitividade, promovendo o comercio de proximidade e favorecendo unha experiencia de compra máis accesible, ordenada e atractiva.

En definitiva, a modificación normativa proposta responde a criterios de eficiencia, dinamización económica e mellora do servizo, aliñándose cos obxectivos de modernización dos mercados municipais como espazos estratéxicos para o desenvolvemento económico local e a cohesión social.

Coa modificación derrégase o anexo de postos e usos recollido no regulamento, por canto a distribución actual de postos e usos non se corresponde coa prevista no citado anexo.

En data 13/05/2026 a secretaria municipal emitiu informe favorable ao texto da modificación e refire o procedemento a seguir.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Os artigos 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e 6.1.a) da Lei

5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), establecen que na súa calidade de administracións públicas, corresponderanlles ás entidades locais territoriais de Galicia, no ámbito das súas competencias e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local, as potestades regulamentaria e de autoorganización.

O procedemento de aprobación do regulamento aterase ao disposto no artigo 49 da LRBRL, que esixe a aprobación inicial polo pleno; información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións; e resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.

O artigo 25 da LRBRL establece que "1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante". Así tamén, o artigo 80.2 g) da LALG.

O Pleno do Concello é o órgano competente para a aprobación da ordenanza, segundo a atribución de competencias que efectúa o artigo 22.2.d) da LRBRL.

De seguido, ábrese a quenda de intervencións; unha vez rematadas as intervencións sometese o ditame a votación.

O Pleno do concello, con 15 votos a favor (13 do BNG e 2 do PSdG-PSOE) e 5 abstencións do PP, acorda:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do regulamento do mercado do Concello de Carballo segundo o exposto de seguido:

1º) O enunciado do Capítulo I do Título II queda redactado como segue:

Capítulo I: Da autorización e concesión de postos de venda e almacéns do mercado

2º) O artigo 6 queda redactado como segue:

Artigo 6

6.1.- Os postos do mercado son propiedade do Concello e teñen a condición de bens de dominio público e, polo tanto, inalienables, inembargables e imprescritibles.

6.2.- Os postos de venda, incluídos os almacéns, do mercado municipal de abastos clasifícanse en:

a) Postos fixos:

Os destinados á venda de artigos de modo permanente por ter sido adxudicados por un tempo determinado, conforme ás normas deste regulamento.

Esta utilización dos postos do mercado, en canto implica un uso privativo dun ben de dominio público, estará suxeita a concesión administrativa que se regulará conforme ao disposto na normativa patrimonial.

No caso de que tras a licitación quede vacante algún posto/almacén, o concello poderá acordar a súa adxudicación directa no canon de licitación ou no que se mellore e coas mesmas condicións e obrigas previstas na licitación, sempre que non tivera transcorrido máis de un ano dende a declaración de deserta da licitación do posto/almacén, conforme ao previsto no artigo 93.1 en relación co artigo 137.4 d) da Lei 33/2003, de 3 de novembro de patrimonio das Administracións Públicas.

b) Postos temporais:

No suposto de que tras a licitación da concesión resultasen postos/almacéns vacantes

ou que, posteriormente, quedasen vacantes durante o período da concesión, o concello poderá outorgar autorizacións temporais para o uso dos postos de venda ou almacéns coa finalidade de garantir o seu aproveitamento.

A tal efecto, o concello publicará tanto no taboleiro do mercado como na sede electrónica municipal o listado de postos vacantes coas súas características, de xeito que se poda promover a máxima concorrencia para a súa cobertura. As autorizacións tramitaranse por orde de rexistro de entrada. Na súa instancia, as persoas solicitantes deberán acreditar o cumprimento dos requisitos que se contemplan neste regulamento para as persoas concesionarias. As solicitudes acompañaranse, ademais, dunha memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos para o desenvolvemento da actividade. En caso de ser precisa a realización de obras tramitarase, asemade, a oportuna comunicación previa ante o concello.

Procurarase que os postos se destinen a produtos pouco representados na oferta do Mercado Municipal e con interese por parte dos consumidores e do concello para mellorar a variedade de produtos ofertados.

A ocupación provisional terá unha duración mínima de 6 meses, a salvo da adxudicación do posto como fixo, e poderá prolongarse até que se adxudique a concesión na seguinte licitación, sen que en ningún caso poda ter unha duración superior a dous anos; a autorización temporal quedará extinguida una vez adxudicada a concesión; de quedar vacante o posto na dita licitación a autorización quedará extinguida sen que poda a persoa interesada continuar utilizando o posto provisional nin solicitar autorización para o mesmo até pasados cinco anos.

A autorización en réxime de ocupación temporal non outorga as persoas titulares dereito algún de preferencia na licitación da concesión debéndose entender a autorización outorgada en precario e sen dereito a indemnización algunha no suposto da súa revogación; neste caso, terán que poñer o posto a disposición do concello nun prazo máximo dun mes dende o requirimento.

A persoa natural ou xurídica titular da autorización administrativa para a utilización dun posto provisional, está suxeita aos mesmos dereitos e obrigacións que a persoa adxudicataria dun posto fixo, resultándolle de aplicación as normas contidas neste regulamento, salvo as referidas ao traspaso do posto, a duración da concesión e ao pago do canon, que se realizará segundo o que determine a ordenanza fiscal. A persoa titular da autorización administrativa quedará obrigada ao pago da taxa por utilización, cuxa cota devindicarse de acordo co previsto na ordenanza fiscal.

No non previsto nesta cláusula, estes postos rexeranse polas restantes normas contidas neste regulamento.

6.3.- O número, emprazamento e dimensión dos postos de venda, locais e demais servizos do mercado, virán sinalados no plano respectivo, aprobado pola Alcaldía. O concello poderá fixar os criterios estéticos e o deseño dos postos de venda do mercado co fin de manter unha determinada uniformidade.

6.4.- Os postos do mercado municipal axustaranse ás denominacións de uso previstas no título concesional no que se artelle a súa adxudicación. Para todas as actividades é obrigatorio que os produtos se expidan de acordo coas condicións hixiénico sanitarias e de conservación e as normas de seguridade previstas na normativa que resulte de aplicación.

O concello poderá alterar o destino dos postos previa solicitude do concesionario, tendo en conta o interese comercial do cambio por tratarse o novo uso dunha actividade pouco representada, as condicións nas que se adxudicaron os postos, a necesidade de harmonizar os usos por zonas, etc. Coa solicitude o interesado/a debe presentar un proxecto de explotación da nova actividade a desenvolver e acreditar o

cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos para o desenvolvemento da actividade. O acondicionamento dos postos para adaptalos aos novos usos correrá por conta do concesionario que deberá tramitar o pertinente título habilitante de natureza urbanística. O prazo da concesión seguirá sendo o mesmo inicialmente concedido, independentemente do novo uso autorizado.

6.5- É potestade do concello, en uso da facultades de autoorganización do servizo, alterar o destino dos postos vacantes por causas xustificadas de interese público.

3º) Engádesse un novo apartado 6 ao artigo 9:

9.6. - Excepcionalmente, o concello poderá autorizar o traslado de concesionarios/as a outros postos vacantes do mercado, sen necesidade dun novo procedemento de licitación, cando concorran razóns de mellora do servizo, adaptación ás necesidades do mercado, reorganización comercial, redistribución de espazos orientados a incrementar o rendemento comercial ou calquera circunstancia similar que redunde en beneficio da xeneralidade de usuarios/as do mercado ou cando concorra calquera outra razón de interese público que o faga aconsellable.

Nestes supostos, manterase o prazo restante da concesión orixinal e adaptaranse as condicións económicas ao novo posto conforme á ordenanza fiscal vixente.

4º) O artigo 15 queda redactado como segue:

Artigo 15

1. As concesións dos postos do mercado de abastos do Concello de Carballo serán transmisibles de acordo coas condicións establecidas no artigo 7.4 deste regulamento.

2. Así mesmo, e sen prexuízo do disposto no apartado anterior, o concello poderá autorizar excepcionalmente, a instancia de parte interesada, o traslado da persoa titular da concesión a outro posto vacante dentro do mercado, sen necesidade de novo procedemento de licitación, cando concorran razóns de mellora do servizo, adaptación ás necesidades do mercado, reorganización comercial, redistribución de espazos orientados a incrementar o rendemento comercial ou calquera circunstancia similar que redunde en beneficio da xeneralidade de usuarios/as do mercado ou cando concorra calquera outra razón de interese público que o faga aconsellable.

3. A autorización do traslado terá carácter discrecional e estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que exista posto vacante no momento da solicitude.

b) Que o traslado non prexudique a estrutura comercial do mercado nin a concorrencia entre operadores.

c) Que a persoa solicitante se atope ao corrente no pagamento das taxas e demais obrigas económicas co concello.

d) Que non teña sido sancionado/a por infracción moi grave nos últimos tres anos.

4. O traslado non implicará o inicio dun novo prazo concesional, mantendo o/a concesionario/a o prazo restante da concesión orixinal.

5. As condicións económicas do novo posto adaptaranse ás previstas na ordenanza fiscal vixente, procedéndose, de ser o caso, á regularización das diferenzas que correspondan.

6. A autorización de traslado non xerará dereito a indemnización nin compensación económica a favor do/a concesionario/a solicitante nin de ningún outro concesionario/a.

7. As solicitudes de traslado tramitaranse segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Á solicitude xuntarase unha memoria xustificativa do traslado e do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos para o desenvolvemento da actividade. De ser preciso o acondicionamento do novo posto, o seu custe correrá por conta do concesionario/a que deberá tramitar o pertinente título habilitante de natureza urbanística.

5º) Derrógase o anexo de postos e usos recollido no regulamento.

Entrada en vigor

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta modificación entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.

De conformidade co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, contra este acordo non cabe a interposición de recurso en vía administrativa.

De acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, contra esta modificación regulamentaria poderá interpoñerse o recurso contencioso administrativo ante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

2º) Abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións. O acordo de aprobación inicial someterase a información pública mediante a publicación do mesmo, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na sede electrónica- taboleiro de anuncios electrónico do concello.

3º) Entender definitivamente adoptado o acordo até entón provisional para o caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión e, nese caso, publicar no BOP o texto íntegro da modificación do regulamento do mercado municipal do Concello de Carballo. Co acordo publicarase un texto refundido do regulamento a efectos informativos."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.
O alcalde